

100 ANOS DE MILES DAVIS (1926–2026)

XIV CURSO DE JAZZ

INICIACIÓN Ó JAZZ E MÚSICA MODERNA

RIBADEO 2026

26, 27 E 28 DE XUÑO

**ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
CONTACTO 677 734 084**

**PABLO CASTAÑO, JAVIER CONSTENLA
CARMEN REY, MARCO MARTÍNEZ, LAR LEGIDO**

CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓN

PREZO DO CURSO

Socios/as da Asociación Cultural Bruar: 60 €

Alumnado da EMMeD de Ribadeo: 70€

Resto de alumnado: 80€

A inscrición realizarase facendo o ingreso no número de conta (Caixa Rural Galega) que figura a continuación e enviando un email ou unha mensaxe de Whatsapp cunha foto do xustificante de pago ó contacto do coordinador do curso.

Tamén haberá posibilidade de aloxamento e manutención os tres días a prezos especiais en establecementos colaboradores. Para mais información poñerse en contacto coa organización do curso.

ES16 3070 0022 1662 3616 9824

As inscricións poderanse efectuar ata o 24 de xuño.

HORARIO DO CURSO

De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00.

PARA MÁIS INFORMACIÓN

Coordinación: Rubén Solloso Irimia

Teléfono: 677 734 084

Email: asociacionculturalbruar@gmail.com

OBSERVACIÓN

A organización resérvase o dereito de suspender o curso no suposto de non cubrirse un mínimo de alumnos/as ao peche do período de inscrición, así como a substitución dalgún profesor/a que por causa xustificada non poida asistir.

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Nome

Apelidos

Data de nacemento

DNI

Enderezo

Poboación

CP

Teléfono

Instrumento

Coñecementos musicais

ENVIAR A:

Rubén Solloso Irimia

677 734 084

asociacionculturalbruar@gmail.com

Sinatura e data



CARMEN REY

VOZ

Estudió piano en el conservatorio superior de A Coruña; armonía moderna, piano e improvisación en Estudo Escola (Santiago de Compostela) y técnica vocal e improvisación en la Escuela de Música Creativa de Madrid, siendo becada por la AIE.

Cursó dos niveles de Voice Craft, así como diferentes talleres de técnica vocal, estilismo vocal e improvisación. Empezó su carrera como vocalista de jazz de la mano de Nani García. Compartió escenario con grandes músicos como Roberto Somoza, Baldo Martínez, Kenny Wheeler, Tom Gullion, Jeff Jerolamon, Richie Ferrer, Perico Sambeat, Jorge Pardo, Brian Trainor, Pablo Añón, Clunia Jazz, Marcos Pin, Kin García, etc.

En la escena musical gallega colabora varios años en los directos de Xosé Manuel Budiño, en los directos de Emilio Cao y como vocalista de “Adrián Saavedra Band” y “José Somoza Big Band”. Graba un dúo “Preciso tempo” en el primer trabajo de Xabier Díaz «Músicas de Salitre» y también un tema “No Mar” del disco infantil «Tic-Tac» de Pablo Díaz, junto a este artista graba también como pianista y vocalista el disco “Xente miúda moita fartura”. Graba a dúo con Ainhoa Arteta el tema principal del filme “DeProfundis” de Miguelanxo Prado, cuya banda sonora fue compuesta por Nani García. Y ha editado un vinilo con DJ Ino “Spread your love”, siendo coautora de la composición. También graba un dúo en el primer trabajo discográfico de Verónica Ferreiro cuya canción fue compuesta por Carmen Rey titulada “Non quero crer” y otro en el primer trabajo discográfico de Ángeles Dorrio “Lala&Tom”.

Participa como invitada o colaboradora en varios programas de la TVG relacionados con la música. En el año 2002, grabó su primer disco “FÓRA” con Xingra.com contando con Nani García como productor musical. En el año 2005, asumiendo la dirección musical, saca su segundo álbum «MEU», que sale a la luz en el año 2008. En diciembre de 2016, y con la misma formación, graba su último trabajo ...mañá... con el que gana el Premio da Música Martín Códax en 2019.

Actualmente lidera diversos proyectos, su propio “Carmen Rey” donde desarrolla su propia música; un coro vocal «Sisters in the house» como directora y arreglista, compuesto por 20 voces femeninas; el trío «Gospel 3»; y un cuarteto vocal femenino llamado «Ejazz», también a cargo de la dirección y arreglos con el que ganó el Premio da Música Martín Códax en el año 2017 y 2019. También forma parte, como teclista, del grupo de Neosoul liderado por Ángeles Dorrio con el que grabó su último EP «Selegna».

Combina toda esta actividad con su faceta de profesora de canto, improvisación y lenguaje musical que lleva desarrollando desde hace más de 25 años.



PABLO CASTAÑO

VENTO

É licenciado en Saxofón polo Conservatorio de Santiago e diplomado en Educación Musical pola Universidade de Santiago.

Despois de recibir unha bolsa e obter unha licenciatura en Belas Artes na especialidade de Interpretación de Jazz pola New School University (Nova York), Pablo Castaño residiu como músico independente na cidade de Nova York. Durante este período, traballou como acompañante en concertos e gravacións con Tom Abbott, Stan Rubin, José James, Eyal Vilner, Wade Burnes, Bobby Sanabria, Woogie Lee, Art Lillard, Youngmin You e Félix Endico, entre moitos outros artistas destacados da escena jazzística neoirquina. Smalls, Minton's Playhouse, Fat Cat, Iridium, Jazz Garage, Carnegie Club, Swing 46, Jazz at Lincoln Center ou a convención Jazz Impro Magazine foron algúns dos escenarios habituais nos que Pablo Castaño desenvolveu a súa carreira profesional como músico de jazz nos Estados Unidos.

De regreso a España, ademais de colaborar habitualmente con Xacobe Martínez, Marcos Pin, Iago Fernández, Yago Vázquez e Marcelino Galán, dirixe o seu propio septeto e trío.

No ámbito da docencia, ocupou o posto de profesor de saxofón no Conservatorio de Ribeira (2000–2002) e imparte clases de saxofón no ESTUDIO Escola de Música. Desde o ano 2002 é funcionario de carreira, tras obter unha praza como profesor de Educación Musical.



JAVIER CONSTENLA

PIANO

Músico profesional cunha longa traxectoria profesional tanto na súa actividade como músico en activo como no ámbito da docencia. No eido da música creativa formou parte dun dos dous grupos pioneiros do Jazz en Galicia “Abuña Jazz” así como de numerosos grupos con xiras por Xapón ou Latinoamérica. Participou en numerosos seminarios de jazz e música moderna en Galicia e no estranxeiro.

Foi Director da Big Band da Deputación de Ourense e Director da EMMA de Ames/Coruña. Mención especial en composición da SGAE, nomeado a mellor música orixinal nos premios Mestre Mateo en varias ocasións. É profesor da ESMUCA de Caldas de Reis. Grao Superior en Piano Jazz polo COSMAC da Coruña e título profesional de piano clásico polo CMUS de Santiago de Compostela.

Na actualidade desenvolve a súa actividade profesional na ESMUCA de Caldas de Reis.



MARCO MARTÍNEZ

GUITARRA E BAIXO

Marco Martínez inicia os seus estudos de guitarra clásica no Conservatorio Superior de Música do Principado de Asturias e titúlase como instrumentista de jazz no Conservatorio Superior de Música do País Vasco–Musikene.

Estudou con guitarristas como Peter Bernstein e Gilad Hekselman, e asistiu a cursos xunto a Pat Metheny, Perico Sambeat, Jerry González, Steve Rodby ou Antonio Sánchez, entre outros.

Con máis de tres décadas de experiencia docente, dirixe desde 2004 o SEIM – Seminario de Improvisación (Pola de Siero, Asturias), así como a súa propia escola en Oviedo (@escuelamusicamm).

Actuou en festivais internacionais como o Jazzaldia, Getxo, Lugo, Madrid ou Dortmund.

Publicou como líder TRIO, con excelente acollida da crítica, e NOI, obra baseada na proposta escénica.

Dirixiu, escribiu e arranxou a música para os concertos dos Premios Princesa de Asturias El Funeral de Naoko, homenaxe a Haruki Murakami, e Serrat Íntimo, interpretando cancións de Joan Manuel Serrat con motivo do seu Premio Princesa de Asturias das Artes.

Actualmente lidera AKNOT, trío de jazz contemporáneo xunto ao organista indonesio Adra Karim e o baterista canadense Ian Morris, e o dúo de voz e guitarra coa cantante holandesa Lara Hoevenaar.



LAR LEGIDO

BATERÍA

LAR Legido (Castromonte, Valladolid, 1975), batería, investigador sonoro e performer.

Formado desde moi novo no Centro de Encontro para o Desenvolvemento da Improvisación (CEDI) de Madrid, con profesores e artistas como Pedro López, Belma Muñor, Markus Breuss e Wade Matthews, encamiñase cara ao que será o seu principal foco de actuación e investigación: a improvisación.

Como pioneiro no movemento da improvisación libre en Galicia, funda en 1999 o grupo Parto, culminando a súa investigación sobre arte sonora coa creación do Aquófono; colabora na creación e dirección artística do Centro de Novas Tecnoloxías do Pico Sacro e da Orquestra de Música Espontánea de Galicia.

Considerado como unha das figuras estatais con maior relevancia no panorama musical da libre improvisación, desde o ano 2012 vén expoñendo as súas obras máis performáticas, nas que relaciona a batería con outras estruturas sonoras e visuais, tales como tractores, camións de bombeiros, formigoneiras, guindastres, futbolíns ou cabinas de hidromasaxe. Unha vertente artística que combina cunha intensa actividade concertística de ámbito internacional con grupos como Sumrrá, Malandrómeda ou xunto ao pianista Alejandro Vargas, entre moitas outras formacións coas que colabora asiduamente; e participa en propostas como a recentemente creada Orquestra Galega de Liberación, dirixida por Xacobe Martínez Antelo; ou na premiada película 9 Fugas de Fon Cortizo.

